

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 14 de xaneiro de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de novembro de 2008, de concesión de licenza de instalación e de licenza de obras de ampliación de corte de gando vacún de leite e alpendre en Pacios, Argonde número 2.

Acórdase conceder a licenza de instalación da actividade dun servizo de mensaxería de paquetería na rúa dos Canteiros, número 72.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder a licenza para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Conturiz-San Amaro, parroquia de Santo André de Castro, e denegar a licenza para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Campos+Corral de Abaixo+Corral de Arriba, parroquia de San Vicente de Pías.

Acórdase conceder as seguintes licenzas: para ampliación de entresollado, vinculada á planta baixa sen uso definido, no edificio con licenzas número 459/92 e 432/96, sito na avda. Marqués de Ombreiro, número 128; para construción de edificio na rúa Illa Coelleira, parcela 4, unidade de actuación S-2; para reestruturación total, por cambio de uso de vivendas a oficina e sala de exposicións, do edificio composto de planta baixa, dúas plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, na rúa Nova, número 25; e para construción de seis vivendas unifamiliares no núcleo rural tradicional de Cristimil+Riazón, parroquia de San Martiño de Ombreiro.

Así mesmo, acórdase denegar a licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, non vinculada a explotación agrícola en Labio.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

3. XESTIÓN.- Acórdase aprobar definitivamente o “Proxecto de obras ordinarias e complementarias, prolongación Armando Durán, números 13-21”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de administrativo/a da administración xeral no Concello de Lugo.

Tamén se acorda aprobar as bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de traballo de director/a da Gardería Municipal das Fontiñas.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 30 de novembro de 2009 para a actualización do contrato asinado coa empresa encargada da prestación do servizo de control de estorniños na cidade de Lugo mediante a elaboración dun plan integral.

Así mesmo, acórdase prorrogar por un ano o contrato asinado coa empresa encargada do servizo de mantemento dos sistemas de procesamento en clúster e granxa de servidores do Concello de Lugo, contado a partir do 14 de decembro de 2008.

Tamén se acorda a aprobación inicial do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación da compañía de teatro “Compañía Centro de Nuevos Creadores” co gallo da celebración da IX Mostra de Teatro Clásico, e a apertura do procedemento de contratación.

Igualmente, acórdase adxudicar provisionalmente a contratación das obras de reordenación de espazo publico en Miguel de Cervantes, e a contratación dos traballos de análise, descrición e valoración de postos de traballo, elaboración da relación de postos de traballo e plan de emprego do Concello de Lugo.

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E ZONA RURAL

6. MEDIO AMBIENTE.- Acórdase aprobar o “Proxecto de Ordenanza municipal sobre verteduras de augas residuais no Concello de Lugo.”

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- O remate da primeira fase coa selección de concursantes e a apertura da segunda para a contratación da redacción de proxecto e dirección de obra dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil sito en San Fiz, na parcela 10 b do quinteiro A do plan parcial de ordenación do sector Sur K.
- A modificación temporal e puntual do réxime de delegación de atribucións para a contratación de obras polo procedemento de contrato menor, incluídas dentro do Fondo Estatal de Investimento Local.

Lugo, 21 de xaneiro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García